

Letra Viva 2008

# "O SOÑO DOS RUÍNS"

17 de maio ás 23:00h.

Xosé María Álvarez Blázquez  
**Xosé María Álvarez Blázquez**  
Xosé María Álvarez Blázquez

# ÍNDICE

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. OBXECTIVOS**

**3. O PROXECTO**

**4. INTERVENCIÓN ESPACIAL MAIO**

**- ESPAZO ESCÉNICO**

**- CONTIDOS**

**5. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.**

## 1. INTRODUCCIÓN

Na procura dunha maior participación da cidadanía, dentro do que é a actividade de celebración do Día das Letras Galegas, e na busca por facela non só unha actividade dun día, senón que teña transcendencia ao longo do ano, presentouse, no 2007, un proxecto aberto, innovador e flexible, temporalizado en varias fases, co fin de avanzar a través dunha continua avaliación: Letra Viva.

Este proxecto pretende contribuír ao fomento e á difusión do noso patrimonio cultural, artístico e natural

Coñecer o personaxe desde Día a través da súa vida, no seu tempo, nos lugares nos que viviu para así tratar de comprender mellor a súa obra.

Tamén se fará unha comparativa entre o mundo no que viviu o escritor e o mundo da actualidade, porque comprendendo a realidade dos nosos antecesores poderemos entender e coñecer mellor o noso presente.

Pretendemos que se beneficien deste plan moitas persoas de diferentes idades e sectores.

A documentación que se fará do evento servirá como base ás seguintes edicións e quedará de testemuña.

Na anterior colaboraron o Concello de Lugo e á Xunta de Galicia, o primeiro co financiamento do espectáculo e a segunda institución coa publicación do catálogo.

A avaliación do proxecto foi moi positiva, máis de 100 persoas participaron directamente na intervención espacial do 16 de maio, e 500 puideron gozar do mesmo. Non puidemos levar á cabo todo o proxecto como o formulamos nun principio pero o feito de facer dende o primeiro momento unha avaliación continua fixo posible artellar un plan de traballo opcional.

Nesta edición do 2008 ademais das dúas institucións anteriormente mencionada únese ao proxecto de Letra Viva a Diputación de Lugo a través da vicepresidencia primeira ao cargo da área de cultura.

## 2. OBXECTIVOS

### OBXECTIVOS XERAIS

- ❖ Achegar dunha maneira próxima a figura escollida para o Día das Letras Galegas á cidadanía.
- ❖ Potenciar o galego como lingua propia da nosa cultura e fomentar a súa utilización.
- ❖ Coñecer o patrimonio cultural, natural e artístico galego.
- ❖ Fomentar a participación cidadá no día da celebración das Letras Galegas, como resultado dun programa elaborado para todo o ano.
- ❖ Facer un plan estratéxico o máis aberto posible para que vaia medrando na medida en que as circunstancias o requiran.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Partimos da idea de que as Letras Galegas son todos os anos. Cada ano centrarémonos nun escritor (o que corresponda segundo a elección).

1. Achegar á cidadanía o punto de vista máis persoal do homenaxeado cada ano, para celebrar o Día das Letras Galegas, partindo da súa experiencia vital.
2. Dar a coñecer o tempo histórico no que viviu o escritor, así como o patrimonio artístico, natural e cultural no que viviu.
3. Comparar a actualidade co momento vivido polo escritor.
4. Afondar na obra da persoa unha vez coñecida a súa vida para poder comprendela mellor.



### **3. O PROXECTO**

Letra Viva 2008 arranca o 26 de marzo coa presentación do catálogo Letra Viva 2007, “*Caracola perdida no Caurel*”, na Galería Sargadelos de Lugo. Neste acto o escritor Darío Xohán Cabana nos internou no mundo de Xosé María Álvarez Blázquez.

En abril abriuse á cidadanía a posibilidade de formar parte da intervención espacial.

Seguirán as fases de creación, ensaios e articulación da posta en escena. O resultado deste esforzo verase o 17 de maio a partir das 23 horas.

As seguintes fases do proxecto faranse a partir desta intervención.

## 4. INTERVENCIÓN ESPACIAL MAIO


### • ESPAZO ESCÉNICO

O día 17 de maio ás 23:00 horas terá lugar a intervención espacial. Comeza na praza da Soidade, segue á praza do Campo e finaliza na praza de Santa María, pasando pola rúa Bispo Basulto.

Ao longo destas rúas farase un percorrido pola vida e obra de Xosé M<sup>a</sup> Blázquez no tempo no que viviu.

O fio conductor do espectáculo está baseado, por unha parte, nos personaxes dos Ruíns e, por outra, na vida da súa filla Colorín, morta prematuramente.

Forman parte do espectáculo 40 actores, 6 músicos e un equipo técnico formado por 30 persoas. O espectáculo combina, teatro, danza música e audiovisual.



• **CONTIDOS**

A intervención arranca con Colorín a súa filla

**CHAMAMOSTE COLORÍN**

*Era un airiño suave  
que se ergueu pola mañán  
e viña de non se sabe.  
Como andabamos a rir  
-¡ventureiriña do monte!-  
chamámoste “Colorín”.*

Interrumpen a escena os seis ruíns. Os ruíns representan a xente que e achegou e que influíu directamente no pensamento de Xosé María Blázquez: Darío, o seu pai, Alexandre Bóveda, o garda de asalto que axudou a Bóveda, Pepa de Cascallar, o labrego e por último a muller da choiva.

**VIDA CANALLA**

*A vida canalla i escura dos travesados, dos cativos, das traspoleirados, tara da sociedade e podre do xénero humán, farávos un intre tremor de medo ou de delor.  
Os coñezo ben, vouvos amostar un crimoso que non é crimoso, un suicida que non suicida, un ladroeiro que non é ladroeiro.  
Mais o segredo que fique entre nós.  
Pra a sociedade han seguir sendo os ruíns*

**Colorín e o propio Blázquez achéganos a súa familia**

**FAMILIA DE ESCRITORES**

Familia de escritores que van dende os tempos do noso renacer literario do século XIX até os seus descendentes.

Emilio Álvarez Giménez, 1830-1911 poeta romántico en castelán e en menor medida en galego; autor teartal.. o drama de Maricastaña. Xerardo Álvarez Limes (1871-1940) foi autor entre outros dun libro moi significativo Entre dos séculos...

Os sobriños de Xerando serían Xosé María e Emilio xuntos escribirán “Poema de ti e de min”.

O 4 de febreiro de 1915 nace en Tui Xosé María de nai cubana María Blázquez e Darío Álvarez. Tivo seis irmáns.

**A nosa personaxe internase no nacionalismo**

**CARA O GALEGUISMO**

En 1931 ingresa na Escola Normal de Pontevedra e pasa a vivir nesta cidade. En 1932, publica “Abril”, o seu primeiro libro de poemas en castelán. Con Xoán Vidal Martínez funda a revista “CRISTAL”, onde publica “O merlo poeta” o seu primeiro poema en galego. (Nos anos 20 e 30 a literatura que se fai en Galicia publicárase a través de revistas).

En 1934 → 26 de maio “Outra aldraxe”. Acto homenaxe aos mártires de Carral. Pronuncia o seu primeiro discurso *Berro en lembranza dos Mártires de Carral*.

Remata Maxisterio.

1935 Empeza a traballar como mestre na Garda.

1936 → Ingresa no Partido Galerista

Comeza por libre os seus estudos en Filosofía e Letras (Publica a colección “Os Ruíns”).

Verbas ditas na F.M.G. de Pontevedra, no 88 aniversario dos mártires de Carral. Xosé María Álvarez Blázquez pronuncia o discurso en lembranza dos mártires de Carral.

*“Tudos vos sabédelo millor que eu o sei: no ano 46 do derradeiro século, a santa indiñazón de un fato de homes cabales – é seica ao dicir cabales dixeron tudo – ergueron en Galiza o estandarte de rebelión. E tremaron os homes da Castela (...) Coitados! Se o noso é tan ruín, por qué non nos deixan a nos co- a nosa cativez? E se estamos mais outos iles, que deprendan de nos e non enlamen o noso rueiro.*

*Homes de Carral: ergueivos!*

**RESPIRASE NO AIRE. A GUERRA CIVIL.**

Levantamento.

Fusilamento de Alexandre Bóveda.

*“O meu tío Xosé Álvarez Limeses salíu da capela, de despedir a Alexandro, e meteuse no leito. Non tiña enfermidade física ningunha. Tiña unha inmensa, abafante tristeza. Finouse de alí a catro días, sin deixar de chorar”* Xosé María

Os mártires de Tui: A resistencia de Tui contra a rebelión militar do 18 de xullo de 1936 foi a máis longa das cidades e vilas galegas. Só o día 27 conseguirán as tropas sublevadas (unha columna de infantaría reforzada polo destacamento de artillería lixeira de Pontevedra, apoiada pola Garda Civil que fuxira de Tui e polos falanxistas locais) vencer a un pequeno destacamento de carabineiros, 10 mariñeiros e suboficiais dunha lancha da Armada, mais un exército civil armado con escopetas de caza e comandadas, entre outros, por Darío Álvarez Limeses, o pai de Xosé María, o “médico dos pobres”.

Encarceramento do pai.

Condena a morte.

Cambio de condena (30 anos de cárcere).

Fusilamento do pai o 30 de outubro de 1936.

Desterrado → Sancionado coa suspensión de emprego e soldo. Logo desterrado á escola de Coreses (Zamora).

Antes ten que facer o servizo militar en San Caetano (enfermeiro).



## **DESTERRO**

Escola Nacional de Nenos de Coreses.

O 30 de setembro de 1939 toma posesión da praza.

## **O TEMPO PASA**

Morre o seu irmán obrigado a formar parte das liñas franquistas perante a Guerra Civil. Morre de tise.

A familia vivía en Vigo (grazas a Darío, o irmán maior e médico de profesión, sobrevivirán).

No 1941 pide a excedencia e volta a Vigo.

No 1942 abandona totalmente o maxisterio.

En 1941 publica a novela “El crimen de la isla verde”.

Ata 1945 dirixe unha empresa (Telleira en Nigrán).

En 1945 comeza a traballar como secretario da Cofradía de Pescadores de Vigo. Publica a novela “En el pueblo hay caras nuevas”. Finalista do Premio Nadal en 1944.

Tertulias no Café Derby (Celso Emilio Ferreiro; Francisco Fernández del Riego; Álvaro Cunqueiro; Luís Viña Cortegoso; Fermín Bouza Brey e Pedro Díaz)

## **MATRIMONIO E FILLOS**

Casa con María Luisa Cacamo o 10 de decembro de 1946 e ten 6 fillos

María Luisa (Colorín – 1948), Xosé María (1950), Alfonso (1952), María Elena (1954), Celso (1958), Berta (1963)

A tradición literaria do noso idioma pasa po un momento case terminal (Xeneración do 36)

Anos 40 – 50. Ciclo normativo.

“El crimen de la isla verde”. “En el pueblo hay caras nuevas”, “Una cabaña en el cielo”, “Las estatuas no hablan”, 56 – “Crecen las aguas

Obras Teatrais:

“El zapatero de Cristal” e “Los pazos altivos”

Nacen máis revistas:

*Xistral – Monforte de Lemos (1952), Posio – Ourense (1945), Alba – A Coruña-Vigo (1948), Mensajes de Poesía - Lugo (1948), Aturuxo – Ferrol (1952)*

En 1948 ate 1979 → *Funda a librería-anticuaría Monterrey. (1950: Editorial Monterrey).*

1949: Comisario das Escavacións. 1970 Estudios históricos → Ao longo dos 365 días do ano salíentanse as novas transcendencias e curiosidades da cidade acontecidas cada día no calendario (Faro de Vigo) , (literatura medieval / literatura dos séculos escuros, literatura popular).

1963: Membro numerario da Real Academia Galega. Vai ocupar a cadeira deixada polo poeta Aquilino Iglesias Alvariño.

1964: Funda a Editorial Castrexos xunto ao seu irmán. (En 1979 venden os fondos a Editorial Galaxia).

O seu irmán Álvaro → *Empresa “Serigrafía Gallega”, outra iniciativa de industria cultural que abriu en Galicia. O camiño da serigrafía ao espallamento da arte galega: “Galego na escola” -- “Falemos galego”, “Xa falamos”*

En 1966 → Delegado de Pescanova en Asturias.

### **MORTE DE COLORÍN**

A súa filla maior estudiaba enfermmería en Madrid. Chegan malas novas en Nadal do 1966, diagnósticanlle cancro linfático. Volven en 1967 a Vigo, el é Profesor de Formación Humanista.

Viaxa coa súa dona. Visita Caracas e Miami. Dá conferencias en Bos Aires e outras cidades arxentinas.

O 12 de marzo de 1970 morre Colorín

*Se te non durmes, vén a raposa  
que garda o sono dos nenos na fosa;  
se te non durmes, vén a martaraña,  
que todo o sono dos nenos apaña;  
se te non durmes, vén a donicela,  
que todo o sono dos nenos arela...*

### **MORTE DE FRANCO**

En 1971 publica *“A pega rabilonga e outras historias de tesouros”*.

En 1975 morre Franco.

*“Onde se confundían as manifestacións de ledicia pola desaparición do dictador, que semellaba eterno, coa dor das lembranzas amoreadas desde aquel 30 de outubro de 1936 en que morrera fusilado”*

*Darío Álvares Limeses.*

En 1976 ve a luz **“Canle segredo”**

1977 → a súa muller as portas da morte por meninxite feroz que a deixará totalmente xorda.

1978 → **Operase da man dereita.**

1980 → Insuficiencia coronaria.

En 1982 o Banco do Noroeste encárgalle unha biografía de Alexandre Bóveda que a propia entidade secuestra ate 1992.

En 1985 morre dunha insuficiencia cardíaca.

## RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

*Palimoco Teatro* conta cun equipo altamente formado e capacitado para poder levar a cabo o proxecto.

Espazo Escénico	Paloma Lugilde e Alba Fernández
Vestiarío	Chelo Trinidad, Paloma Lugilde, Laura García, Alba Fernández, Ester Pedrouzo, Alberte Viveiro, M <sup>a</sup> José Campo e Paula Buján
Documentación	Palimoco Teatro
Prensa	Maica García
Produción	Palimoco Teatro
Asistente de dirección	Alberte Viveiro
Imaxes	Suso Díaz e Diego Blanco
Fotografía	Mario García
Equipo Técnico	Luzsón
Rexiduría	Maribel Lugilde, Maica García, Mar Torrón, Marcos Figueroa e Carlos Lugilde
Deseño Cartaz	Alba Fernández
Programa de man	Deseño
Catálogo	TATATA
Música	GreX
Guión e Dirección	Paloma Lugilde

### Actores:

Alba Fernández	Blanca Tejero
Alberte Viveiro	Laura Macía
Laura García	Iago Clemente
Javier Díaz	Raquel Fernández
Bruno Martínez	Noa Cortiñas
Marcos Figueroa	Andrea Vázquez
Paula Buján	Alba Pereira
Rafael de la Fuente	Alberto López
María Mouriz	M <sup>a</sup> José Campo
Graciela Lugilde	Carmen Latas
Puro Cora	Ana M <sup>a</sup> López
Antón González	Estrela García
Ana Rodríguez	Sabela Rubio
Ester Pedrouzo	Violeta Cepeda
Iria Otero	Ana M <sup>a</sup> Martín
Alberte Cabarcos	Carla Vila
Ana Ferreiro	Sofía Fernández
Sabela Martínez	Brais Leardi
Esteban Puebla	Silvia Gallego
Noelia Rodríguez	
Tania Rodríguez	